



ILUSTRE COLEXIO  
DE AVOGADOS DE LUGO  
175 ANIVERSARIO



Ilustre Colegio Oficial de Graduados Sociales de Lugo  
Plaza de Alicante, 13 Entlo  
27004 Lugo

Ilmo. Sr. D. José María Gómez y Díaz-Castroverde  
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia  
Praza de Galicia, s/n.,  
15004 La Coruña (A Coruña)

En Lugo a 17 de xullo de 2020

*Ilustrísima Señoría:*

O colectivo de Graduados Sociais e Avogados de provincia de Lugo suplican a súa intervención para resolver a problemática xurdida nos Xulgados do Social de Lugo, a raíz da suspensión dos prazos administrativos e xudiciais derivada da COVID-19, e que a continuación lle resumimos:

As **demandas** nas que é preceptivo o intento de conciliación previa, a día de hoxe, **están paralizadas**, sen sinalamento de data e hora da celebración da vista, por entender dende os Xulgados do Social que as certificación que no



ILUSTRE COLEXIO  
DE AVOGADOS DE LUGO  
175 ANIVERSARIO



Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo  
Plaza de Alicante, 13 Entlo  
27004 Lugo

seu día emitiron os letrados conciliadores da Xunta de Galicia dicindo que se **“suspende o acto de conciliación, dándose por cumprido o trámite”**, non son válidas.

Entenden os Xulgados do Social que esas certificacións non habilitan o sinalamento nin a celebración dos Actos de conciliación e Xuízo (axuntamos as certificacións emitidas polo SMAC de Lugo).

Emitida polo o SMAC a certificación sinalada mais arriba, (cando se proceda), procedemos a presentar a oportuna demanda ante o xulgado do social, (ó entender cumprido o trámite de conciliación administrativa previa), nembargantes, por un lado, temos recibido **uns requirimentos**, (por medio de Dilixencia de Ordenación), no que se nos require para que, nun prazo de 4 días, procedamos a subsanar o defecto consistente na “falta” de aportación do acta de conciliación e por outro, temos recibido **outros nos que se nos pide que** aportemos dito acta de no momento en que dispoña dela.

Dende os colectivos de Avogados e Graduados Sociais entendemos que isto vulnera, en principio, o dereito á Tutela Xudicial efectiva dos administrados



ILUSTRE COLEXIO  
DE AVOGADOS DE LUGO  
175 ANIVERSARIO



Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo  
Plaza de Alicante, 13 Entlo  
27004 Lugo

e resulta contrario á Orde publicada pola Xunta de Galicia, (Orde de 3 de abril 2020), publicada no DOG N°69 do 08 de abril de 2020 polo que se adoptan medidas extraordinarias de xestión no SMAC.

Por outra banda, a propia Lei da Xurisdición Social, cando establece a obriga da parte para aportación, coa demanda, da **Acta de Conciliación ou intento desta**, establece (artigo 65.2) que: *“En todo caso, transcurridos treinta días, computados en la forma indicada en el número anterior, sin haberse celebrado el acto de conciliación o sin haberse iniciado mediación o alcanzado acuerdo en la misma, se tendrá por terminado el procedimiento y cumplido el trámite.”*

**En consecuencia, consideramos cumprido o trámite do intento de conciliación, por aplicación da norma referida no parágrafo anterior en relación coas certificacións emitidas polo propio servizo conciliador; e, consecuentemente, que procede dar curso ós correspondentes procedementos Xudiciais, sinalando data e hora para celebración dos Actos conciliación e Xuízo, máxime si consideramos que, tal como sinala o artigo 81.3 da lei rituarial laboral, o mesmo día dos actos de Xuízo é preceptivo é obrigado o intento de conciliación xudicial diante do Letrado da**



ILUSTRE COLEXIO  
DE AVOGADOS DE LUGO  
175 ANIVERSARIO



Ilustre Colegio Oficial de Graduados Sociales de Lugo  
Plaza de Alicante, 13 Entlo  
27004 Lugo

Administración Xudicial, no que se pode chegar a un acordo entre as partes, evitando a celebración da vista.

En calquera caso, consideramos que resulta mais apropiado corrixir esta actuación sinalando data e hora para celebración dos Actos de conciliación e Xuízo, que requirir á parte actora para que cando dispoña da Acta de Conciliación, a entregue, o que agravará os, xa, endémicos retrasos e tramitación dos procedementos en esta Xurisdición Social.

Moitos profesionais, a día de hoxe, teñen presentado recurso de reposición contra a admisión das demandas dado que se lles está a esixir un trámite de imposible cumprimento (todo o que manifestamos, en relación co previsto no artigo 1.272 do Código Civil, en relación cos 3 e 4.1, do mesmo texto legal); pola contra, outros profesionais volveron a presentar papeleta de conciliación diante do SMAC, xa que éste ten previsto reactivar a celebración de conciliacións e, segundo se nos informa, os xulgados van permitir aportar o acta que se levante, solución ésta que entendemos asumible sempre que se garanta a falta de caducidade ou prescrición das accións emprendidas.



ILUSTRE COLEXIO  
DE AVOGADOS DE LUGO  
175 ANIVERSARIO



Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo  
Plaza de Alicante, 13 Entlo  
27004 Lugo

Aínda así, en certos casos, calquera das dúas posicións pode traer prexuízos considerables para o administrado, como pode ocorrer nos casos de despido declarado nulo, xa que, sen lugar a dúbidas, estaría obrigado a solicitar da administración o abono dos salarios de tramitación que excedan dos 60 días.

En consecuencia, (tendo coñecemento que tal circunstancia só sucede neste ámbito territorial en dous xulgados dos Social desta cidade de Lugo, e non no resto de Galicia), solicitamos a emisión de unha instrución interna aclarando esta situación co fin de poder dispoñer de unha norma clara que, como profesionais, nos permita a actuación con unidade de criterio, do mesmo xeito que un trato igualitario con respecto ao resto de xulgados que non xere inseguridade xurídica e que non prexudique á cidadanía nin aos profesionais.

Atentamente,